

Martes, 10 de novembro de 2020

Núm. 217

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
MOAÑA

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓN DA ALCALDÍA

- **Expediente núm.:** 3476/2020
- **Procedemento:** Celebración Matrimonios Civís
- **Interesado:** Juzgado de Paz de Moaña
- **Data de iniciación:** 26/10/2020

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto o expediente tramitado no Rexistro Civil de Moaña e remitido a este Concello para a celebración de matrimonio civil, que terá lugar o vindeiro 7 de novembro de 2020, de acordo coa Instrución de 26 de xaneiro de 1995, da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, sobre Directrices sobre a autorización do matrimonio civil polos Alcaldes, e por vontade dos contraentes.

De acordo cos artigos 44.1 e 2 do ROF 2568/1986, de 28 de novembro,

RESOLVO

PRIMEIRO. Delegar en favor de JOSÉ FERVENZA COSTAS, Concelleiro deste Concello, o exercicio da competencia correspondente á autorización do acto de celebración do matrimonio civil entre os contraentes VICTOR LAGO GARCÍA e MARÍA TERESA VALVERDE CRUJEIRAS o día 07 de novembro de 2020.

SEGUNDO. A delegación conferida na presente Resolución requirirá para a súa eficacia a aceptación do órgano delegado, entendéndose esta outorgada tácitamente se non se formula ante Alcaldesa expresa manifestación de non aceptación da delegación no termo de tres días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que lle sexa notificada esta Resolución.

TERCEIRO. Esta delegación terá efectos dende o día seguinte á data deste Decreto, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do concello.

Documento asinado electronicamente.

